

## **VIVEIRO DE EMPRESAS DO IES MONTECELO**

No marco do programa FP Emprende, o IES Montecelo dispón desde o curso 2016-2017 dun viveiro de empresas.

O programa FP Emprende ten como obxectivo facilitar ao alumnado galego espazos e asesoramento axeitados para a posta en marcha dun negocio ou de proxectos empresariais viables, nos centros que conforman a Rede galega de viveiros de empresa en centros educativos.

O viveiro de empresas do IES Montecelo concíbese como un espazo onde desenvolver e poñer en marcha proxectos empresariais viables de novos emprendedores. As instalacións, que se cederán de forma totalmente gratuíta contan con: dos despachos equipados coa moblaxe básica propia dunha oficina, cos equipamentos informáticos, sala de reunións e os servizos precisos para levar as xestións necesarias para a posta en marcha do proxecto.

### **REQUISITOS DE ACCESO:**

1- Poden acceder todas as persoas que reúnan algún dos seguintes requisitos:

a) Alumnado matriculado nalgunha ensinanza sostida con fondos públicos de Galicia de:

- formación profesional
- ensinanzas de artes plásticas e deseño
- ensinanzas superiores de deseño
- ensinanzas artísticas superiores de grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais
- ensinanzas artísticas superiores de grao en Arte dramática
- ensinanzas artísticas superiores de grao en Música
- ensinanzas artísticas superiores de grao en Danza
- ensinanzas deportivas
- bacharelato
- educación secundaria para persoas adultas (ESA)



IES Montecelo

b) Persoas que finalizaran nos últimos catro anos os estudos mencionados no apartado a)

2- Poden ser un ou varios emprendedores nun mesmo proxecto, segundo a forma xurídica elixida.

### **CRITERIOS DE SELECCIÓN:**

No caso de que existan mais solicitantes interesados na utilización do viveiro que postos dispoñibles, seguirase a seguinte orde de preferencia:

- 1º O alumnado que cursara os seus estudos no IES Montecelo.
- 2º Menores de 30 anos e maiores de 45 anos.
- 3º Mulleres, especialmente aquelas que teñan a condición de vítimas de violencia segundo o disposto no artigo 3 do Real decreto 1917/2008 do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- 4º Persoas con discapacidade.

### **SERVIZOS QUE OFRECE O VIVEIRO:**

Todos os servizos que se ofrecen desde o viveiro son gratuítos e serán os axeitados en cada unha das fases nas que se atope o proxecto.

#### **1- Asesoramento**

- Por parte do profesorado que imparte formación relacionada co sector onde se desenvolverá o proxecto.
- Do persoal técnico especialista para avaliar a viabilidade técnica e económica do proxecto.
- Tutoría polo coordinador ou coordinadora de emprendemento, responsable do seguimento e orientación no proxecto.

#### **2- Instalacións propias do viveiro**

Local axeitado para o desenvolvemento do proxecto empresarial no horario concordado co centro:

- Moblaxe básica propia dunha oficina
- Equipos informáticos
- Acceso a internet



IES Montecelo

- Teléfono, fax, fotocopiadoras...

- Gastos xerados no mantemento xeral

### TRÁMITES PARA ACCEDER AOS SERVIZOS DO VIVEIRO:

Para acceder ao viveiro deberánse seguir os seguintes pasos:

1- **Entrevista inicial co titor ou a titora do viveiro** para a valoración da idea emprendedora e do equipo emprendedor. O titor ou a titora do viveiro responderá ás preguntas e dúbidas relacionadas co funcionamento do viveiro e valorará o potencial emprendedor da idea presentada.

2- **Elaboración / preparación do plan de empresa.** Se a valoración da idea emprendedora é positiva o titor ou a titora do viveiro axudará ao emprendedor na elaboración dun proxecto de empresa realista. Neste proceso madurarase a idea, analizarase o contorno, faranse as previsións de investimento, buscarase financiamento, estableceranse as estratexias para introducir o proxecto no mercado,...

Nesta fase o uso das instalacións do viveiro pode ser simultáneo para varios emprendedores, cunha utilización temporal e sen exclusividade das mesmas, de acordo co plan de traballo acordado co titor ou a titora do viveiro. Deberase completar as fichas do Anexo II, cos datos das persoas emprendedoras e cos datos da empresa a crear.

Unha vez elaborado o proxecto contarase coa axuda de técnicos especialistas que verificarán a súa viabilidade económica e legal.

O proxecto podería estar pendente de financiamento. Ofrecerase información actualizada sobre as diferentes vías de financiamento para a posta en marcha do proxecto como unha empresa.

3- Se o proxecto se valora como viable o emprendedor deberá asinar o **Contrato tipo de cesión de espazo no viveiro de empresas do IES Montecelo**, para usar de forma gratuíta as instalacións do viveiro como sede da túa empresa.

### TEMPO DE PERMANENCIA.

Unha vez asinado o Contrato tipo de cesión de espazo no viveiro de empresas do IES Montecelo, o emprendedor terá un período máximo de dous anos para usar de forma gratuíta as instalacións do viveiro como sede da súa empresa. O titor ou a



IES Montecelo

titora valorará a posibilidade de conceder unha prórroga de tres meses, prorrogable por iguais períodos de tempo ata un máximo dun ano.

Durante a elaboración / preparación do plan de empresa o uso das instalacións pode ser simultáneo para varios emprendedores, cunha utilización temporal e sen exclusividade das instalacións de acordo co plan de traballo acordado co titor ou a titora do viveiro.